



“ Todos os libros son imprescindibles porque amosan unha ollada diferente deste e doutros mundos ”

Rosa Aneiros

Licenciada en Comunicación pola USC, é escritora e traballa no Consello da Cultura Galega. Hai dez anos publicou o seu primeiro libro, "Eu de maior quero ser", ao que seguiron títulos como "Corazóns amolecidos en salitre" ou "Resistencia".

O pasado ano 2009 gañou o Premio Xerais de Novela e o Premio Caixa Galicia de Literatura Xuvenil coas novelas "Sol de Inverno" e "Ás de bolboreta", respectivamente.



Foto: Manuel G. Vicente.

“se volvera a
nacer sería proba-
blemente a
mesma”



Signo del Zodíaco

Acuario.

De pequena, que soñaba ser de maior?

Pensionista.

Unha lembranza da súa infancia

O meu padriño sentado abaixo dunha figueira.

Se volvera nacer sería...

Probablemente a mesma.

Que fará, onde estará dentro de 15 anos?

Quen o soubese!

Fala galego na intimidade

Na intimidade e tamén en público.

Ten algún animal de compañía

Non.

Es puntual ou adoita retrasarse nas citas?

Puntual.

Ducha ou baño

Baño.

Un perfume

Ai..., hai segredos inconfesables.

Un aroma

O salitre.

Un color

Verde.

A túa Marabilla do Mundo:

A Catedral de Santiago, a Torre de Hércules, a Muralla de Lugo.... Hai milleiros de marabillas. Todas as galegas recoñecidas como patrimonio da Humanidade poderían valer pero eu escollería como marabilla o efecto dunha onda a romper na area en calquera praia.

Un pintor

Quintana Martelo.

Un escultor

Leiro.

Un museo

O Louvre.

Un personaxe histórico masculino

Mahatma Gandhi.

Un personaxe histórico feminino

Marie Curie.

muypersonal _ 6

Un arquitecto

Manuel Gallego Jorroto.

Un compositor

Giuseppe Verdi.

Unha política

Rosa Lee Parks, porque todos os nosos actos son políticos.

Un deportista

Guardiola.

Un escritor/a

Buffff

O Libro de Libros

Non creo que haxa un libro de libros pero, se teño que escoller a gran metáfora da lectura como vida diría As mil e unha noites.

O seu libro de infancia

O Principiño.

Que libro lle impactou máis?

De catro a catro de Manuel Antonio.

“Non creo que haxa un libro de libros”



“ Como lectores e lectoras, debemos ter a oportunidade de **escoller** o que máis nos gusta... **ou non**”

muypersonal _ 7

Música preferida.

Encántame a ópera e a música tradicional galega pero escoito un pouco de todo.

Unha canción

If you were here de Pink Floyd.

Unha intérprete

Guadi Galego.

Un baile

O tango.

Canto hai que non vai ao teatro?

Tres semanas.

E a unha Sala de cine?

Unha semana.

As películas veas en sala de cine ou na televisión?

Indistintamente

Que libro está lendo?

Valados, de Agustín Fernández Paz.

Un libro para recomendar

Un só? E que fago cos milleiros restantes?

Que libro lle gustaría escribir?

Milleiros; Cien años de soledad de García Márquez; Pedro Páramo de Juan Rulfo; As ondas de Woolf, Estacións ao mar de Xohana Torres, Follas Novas de Rosalía de Castro...

Escribe o seu Diario ?

Non.

Libros imprescindibles nunha biblioteca.

Todos os libros son imprescindibles porque nos amosan unha ollada diferente deste e doutros mundos. Creo que cada visión nos enriquece e, como lectoras e lectores, debemos ter a oportunidade de escoller o que máis nos gusta... ou non.



Una película

Milleiros, por exemplo, a última que vin: El secreto de sus ojos de Juan José Campanella.

Un director

Clint Eastwood.

Una película que le hizo llorar

Dancing in the dark, de Bojrk.

Una película que le hizo reír

Looking for Eric, de Ken Loach.

As dez mellores películas

Prefiro deixalo en dez películas que me gustaron porque, evidentemente, non son as mellores.

- Casablanca
- E.T.: The Extra-Terrestrial
- Citizen Kane
- The African Queen
- Modern times
- The Milagro Beanfield War
- Roman Holiday
- Million Dollar Baby
- Blade Runner
- Edward Scissorhands

Actor favorito

Entre Humphrey Bogart e Luís Tosar escolle-ría...

Actriz preferida

Katherine Hepburn, Susan Sarandon, Kate Winslet...



“Entre
**Humphrey
Bogart e
Luís Tosar** eli-
xiría...”

En casa cocíña...

Todos os días.

O seu prato preferido

Centola da ría.

Cocíña moderna ou da avoa

As dúas teñen o seu momento.



Foto: Manuel G. Vicente.

“Unha alegría grande foi a concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil a Agustín Fernández”

Un viño

Un bo godello.

Un queixo

San Simón.

Un restaurante

Casa Mamá.

A qué dedica o seu tempo libre?

Escribir, pasear pola praia, ler, falar...

Un deporte

Dous: fútbol e tenis.

Un hobby

Pasear.

A la hora de informarse utiliza:

Prensa, si
Radio, si
Televisión, si
Internet, si

Unha foto moi persoal...

“Creo que conservo a mesma expresión aínda que, cos anos, aprendín a perderlle o medo á cámara e a sorrir. Para rir fai falla confianza, moita confianza!”



Á hora de vestir que prefires?

A comodidade.

Saia, pantalón, traxe chaqueta

O que lle cadre.

O seu fondo de armario

Uns pantalóns vaqueiros.

Zapatos o botas

Botas.

Modisto preferido

Non teño ningún preferido.

Unha estación do ano

Verán.

Praia ou monte

Praia, afirmo mesmo sen pestanexar.

Unha cidade

Barcelona, Salvador de Bahía, París, A Habana, Londres, Venecia, Istanbul, Túnez, Granada, Ushuaia ...
Hai tantas!

Unha paisaxe para recordar

A Patagonia.

Un lugar para vivir

Santiago.

Un lugar para descansar

Meirás (Valdoviño).

Un lugar para perderse

Calquera recuncho de Italia

Un lugar para ir de vacacións

Todos.

Unha viaxe pendente

Oriente.

A qué país ou cidade lle gustaría volver?

Bos Aires.

Que país ou cidade lle gustaría coñecer?

Vietnam.

Á hora de viaxar prefire: coche, tren, barco, avión.

Avión.

“Escollería como **marabilla** do mundo o efecto dunha **onda** a romper na area de calquera praia ”

Se puidese dar marcha atrás no tempo, que non volvería facer?

Faríanme falta demasiados cuestionarios...

A súa maior virtude

Descoñecida.

O seu peor defecto

Demasiados: a impaciencia, o xenio, a lacazanería...




Foto: Manuel G. Vicente.

Un vicio confesable

Durmir

Un sentimento

Amor, claro.

Un soño por cumprir

Mañá.

Un desexo

A felicidade.

Que non tolera?

A intolerancia.

Que perdoa?

A ignorancia.

A maior decepción

As traizóns.

A maior alegría

Unha alegría grande foi a concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil a Agustín Fernández Paz.

Que lle fai chorar?

A impotencia

Un lema na vida

Malo será!

Unha fobia

Conducir.

Unha filia

Viaxar.

O que máis valora no home?

A complicidade.

E na muller?

O mesmo.

Que pregunta lle gustaría que lle fixera?

Ningunha en especial.

Frase ou refrán

Nunca choveu que non escampara.

“Todos os
nosos actos
son políticos”

